



# PLAN DIXITAL

[CPI Mosteiro-Meis]

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

## Índice do Plan Dixital

- **Introdución**
  - Datos básicos do centro
  - Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
  - Breve xustificación do mesmo
  - Proceso de elaboración
- **Situación de partida**
  - Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
  - Fontes empregadas para a análise DAFO

- Análise DAFO
- **Plan de Acción**
  - Obxectivos, indicadores e accións
  - Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas
- **Avaliación do PD**
  - Seguimento do Plan de Acción
  - Propostas de mellora (revisión)
- **Difusión do PD**

## Introdución

### Datos básicos do centro

- *CPI Mosteiro-Meis*
- *Código de centro: 36004708*
- *Dirección: Rúa Alcalde Jorge Casal Pintos, nº2, Mosteiro, 36637, Meis*
- *Correo electrónico: [cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.gal](mailto:cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.gal)*
- *Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/cpimosteromeis/>*
- *Etapas educativas: Educación Primaria e ESO*
- *Nº de alumnado: 322*
- *Nº de profesorado: 40*

### Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- O CPI Mosteiro-Meis é un centro educativo situado no Mosteiro, no pequeno núcleo urbano do Concello de Meis. O centro enmárcase no medio rural, cun nivel medio tanto socioeconómico como cultural.

- Coa elaboración do Plan Dixital, vaise levar a cabo un proceso de dixitalización do centro educativo, repercutindo ésto na mellora das destrezas dixitais tanto do equipo docente como do alumnado.

O centro leva apostando pola innovación educativa a través das ferramentas dixitais dende fai 5 anos dende o Proxecto Edixgal, así como a Radio Escolar.

Neste último curso estase levando a cabo unha dixitalización dos datos do alumnado para un control deste en canto ás saídas do centro, control de asistencia ao comedor ou control do emprego do transporte escolar, facilitando a xestión para profesorado ou persoal non docente (administración, conserxe, persoal de cocíña, colaboradores de comedor e coidadores de transporte escolar)

- No vindeiro curso 22/23, a través do Plan Dixital farase unha contribución á mellora das destrezas de emprego do Proxecto Edixgal, así como un reactivamento e mellora do funcionamento da Radio Escolar.

## Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración do Plan Dixital, aplicouse o seguinte marco normativo:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

## Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital, o Equipo de Dinamización do Plan Dixital levou a cabo os seguintes pasos e procesos:

- Apertura dunha liña de traballo no PFPP de centro para a elaboración do Plan Dixital de Centro.

- Creación do Equipo de Dinamización do Plan Dixital formado por:

Manuel Muñoz Hermida (coordinador)

Luis Camilo fernández Álvarez

M<sup>a</sup> Luz Varela Armas

- Test SELFIE
- Test CDD
- Elaboración do DAFO
- Elaboración do Plan de Acción
- Redacción do Plan Dixital

## Situación de partida

### Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- O centro educativo contempla unha infraestrutura dixital cuns servizos eficientes para as necesidades do mesmo, contemplando algunha carencia puntual. Consta de conectividade tanto cableada como por rede sen fíos en tódalas dependencias, resaltando algunha zona do centro concreta na que a conectividade wifi é moi débil ou nula. En canto á infraestrutura de voz, hai disposición 5 terminais con distintos números de entrada segundo as principais dependencias do centro.

- En canto ao equipamento dispoñible, tódalas aulas constan dun kit dixital de ordenador, proxector e pantalla dixital. Neste aspecto hai que distinguir entre as aulas pertencentes ao Proxecto Edixgal, aulas dixitalizadas dende a consellería e aulas dixitalizadas con fondos propios do centro.

O centro dispón dunha aula de informática con equipos fixos e unha serie chromebooks a mdo de aula móbil.

A Sala do Profesorado consta de varios equipos fixos para consulta e traballo do profesorado.

A biblioteca dispón du equipo fixo para a catogación e empréstito de libros.

Para a xestión e administración de centro, cada membro do equipo directivo ten á súa disposición un equipo fixo así como a persoa administrativa.

O persoal non docente como a conserxe e coidadoras, teñen á súa disposición equipamento móbil para o control do alumnado (saídas, asistencia comedor, usuarios de transporte) a través dunha aplicación de control do alumnado elaborada polo director do centro.

- Os servizos dixitais educativos empregados podémolos dividir en:

- Corporativos: plataforma Edixgal (dende 5º de Primaria a 4º de ESO) e Aula Virtual

- Non corporativos: Classroom destacado dentro do paquete de aplicacións web de Google

No emprego da comunicación coas familias, faise emprego da páxina web do centro así como do espazoAbalar.

- A xestión e mantemento do equipamento do centro lévase a cabo dende o equipo tic, e nos casos máis complexos a través da UAC ou empresas externas.

- Para o control do equipamento Edixgal, dispónse dun protocolo de actuación ante situacións diversas, polo que se dispón de varios equipos portátiles de reserva para o alumnado Edixgal non caso de necesidade por avaría dos seus equipos persoais, así como varios equipos portátiles con conectividade a internet por si fora necesario nalgunha circunstancia atendendo ás necesidades do alumnado.

Do mesmo xeito hai un protocolo de xestión de incidencias TIC para a resolución das mesmas a través dun formulario web e xestión da incidencia.

## Fontes empregadas para a análise DAFO

Os seguintes datos veñen dados polo test de autoavaliación Selfie cunha puntuación sobre 5 puntos.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
<b>A -Liderado</b>	Equipo Direct.	3,8	3,3			
	Profesorado	3,9	3,7			
	Alumnado					
<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.	3,3	2,4			
	Profesorado	3,6	3			
	Alumnado	4,2	3,5			
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.	3,9	3,5			
	Profesorado	3,9	3,8			
	Alumnado	4,5	4			
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	4,5	3,5			
	Profesorado	4,2	4,1			
	Alumnado					
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	4	3,7			
	Profesorado	4,1	4,1			
	Alumnado		4,2			
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	3	2,8			
	Profesorado	3,9	3,5			
	Alumnado	4,1	3,6			
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	2,9	2,6			
	Profesorado	3,5	3			
	Alumnado		3,3			
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	3,1	2,8			
	Profesorado	3,5	3,4			

	Alumnado	4,2	3,6			
--	----------	-----	-----	--	--	--

Os seguintes datos veñen dados polo testCDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	22	32	68,80%
<b>PROVISIONAL</b>	2	4	50,00%
<b>INTERINO</b>	1	1	100,00%
<b>SUBSTITUTO</b>	3	4	75,00%
<b>DESPRAZADO</b>	1	1	100,00%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
80,4	Integrador/a (B1)	76,5	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>Prim</b>	82,6	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
<b>ESO</b>	79,1	Integrador/a (B1)	79,3	Integrador/a (B1)
<b>BAC</b>				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>		
<b>A2</b>	12	41,40%
<b>B1</b>	9	31,00%
<b>B2</b>	6	20,70%
<b>C1</b>	2	6,90%
<b>C2</b>		
<b>TOTAL</b>	29	100,00%

## Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>Recursos do centro e conectividade á rede.</li> <li>Dotación de equipamento tecnolóxico.</li> </ul>	
	PERSONAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> <li>Utilización de recursos dixitais para observar e documentar os progresos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Falta de tempo no horario persoal.</li> <li>2. Pouca experiencia e</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>Estabilidade laboral do persoal docente.</li> </ul>	<p>funcionalidade da autalaviación dixital.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>3. Dificultade para dar apoio ao profesorado no desenvolvemento de metodoloxías que impulsen o traballo dixital.</li> <li>Tempo do que dispón o profesorado para explorar novas modalidades de ensino.</li> <li>Pouca participación do profesorado en redes colaborativas profesionais.</li> <li>Falta de retroalimentación co alumnado.</li> <li>Falta de posta en práctica das experiencias adquiridas na formación docente.</li> <li>Falta de avaliación do alumnado das capacidades dixitais adquiridas fóra do centro.</li> </ul>
<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
<b>ALUMNADO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Motivación do alumnado e difusión do traballo do alumnado ao exterior, sacar da aula á sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Falta de competencia por parte do alumnado para a resolución de problemas técnicos dos dispositivos dixitais.</li> <li>Falta de competencia por parte do alumnado para codificar, programar en relación ás tecnoloxías dixitais.</li> <li>Nula participación do alumnado na autoavaliación e coavaliación empregando ferramentas dixitais.</li> </ul>
<b>FAMILIAS</b>		
<b>OFERTA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Acceso inmediato e gratuíto a gran cantidade de recursos dixitais.</li> <li>As ferramentas dixitais complementan a aprendizaxe.</li> <li>Creación e acceso a repositorios de contidos cada vez máis variados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Inmensidade de recursos dixitais.</li> <li>Uso arbitrario de recursos dixitais.</li> </ul>
<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proceso participativo e colaborativo no centro.</li> <li>Liñas e proxectos de mellora que se poden aplicar e impulsar no centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dependencia do traballo dixital centralizado en unha persoa especialista na temática.</li> <li>Exceso de recursos no centro, moitos dos cales non se</li> </ul>

		<ul style="list-style-type: none"> <li>Liñas de traballo en canto ao intercambio de alumnado (ERASMUS+ ou Galimiens)</li> <li>Posibilidade de colaborar con centros e organizacións.</li> <li>Está en auxe.</li> <li>Curiosidade que xera o traballo multimedia, dixital, gamificación...</li> <li>Facilitación de novas modalidades de ensinanza (presencial, semipresencial, a distancia ou mixta).</li> </ul>	<p>utilizan.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Non existencia dunha estratexia dixital.</li> <li>Disposición de espazos para compartir recursos educativos, pero con pouca iniciativa.</li> <li>Non hai dinámicas concretas para reflexionar sobre o uso da tecnoloxía.</li> <li>Falta de creación de proxectos interdisciplinares.</li> </ul>
--	--	--	---

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> <li>A administración aposta pola implementación desta metodoloxía combinada entre dixital e tradicional.</li> <li>Achegas económicas que recibe o centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Burocracia en constante cambio e excesiva.</li> </ul>
	LEXISLACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>Mellora da calidade educativa do centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pode converterse nun documento valeiro do centro.</li> </ul>
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

## Plan de Acción

### Obxectivos, indicadores e accións

- Potenciar o emprego das plataformas dixitais virtuais de aprendizaxe
  - Área de mellora: Pedagogía: Apoios e recursos (emprego de entornos virtuais de aprendizaxe)
  - Indicadores: Porcentaxe de profesores que implementan 4 ou máis actividades nas plataformas Dixitais (interactivas ou diferentes)
  - Valor de partida: Descoñecido
  - Valor previsto a 30/05/2023: 60% do profesorado implemente 3 tarefas nas plataformas dixitais.
  - Accións: descritas na táboa do obxectivo 1
- Crear vídeos explicativos para o alumnado
  - Área de mellora: Pedagogía: Apoios e recursos (comunicación coa comunidade educativa)
  - Indicadores: Número de departamentos que crean polo menos 1 de vídeo explicativo para o alumnado para as plataformas dixitais
  - Valor de partida: 0 departamentos con creación de vídeos
  - Valor previsto a 30/05/2023: 5 departamentos crearon vídeo
  - Accións: descritas na táboa do obxectivo 2

- 3. Potenciar o emprego da Radio Escolar
  - Área de mellora: Pedagogía: Implementación na aula (fomento da creatividade e proxectos)
  - Indicadores: Número de podcast creados e publicados
  - Valor de partida: 117 podcast
  - Valor previsto a 30/05/2023: 137 podcast
  - Accións: descritas na táboa do obxectivo 3

## Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- Obxectivo 1: equipamento das aulas dixitalizadas ou proxecto educación dixital E-Dixgal .
- Obxectivo 2: equipamento de audiovisuais: cámara, micrófonos, set de iluminación, equipo informático
- Obxectivo 3: equipamento de radio escolar: ordenador fixo, mesa de mezclas de son, micrófonos, auriculares, monitores de escoita

## Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: Pedagogía: Apoios e recursos (emprego de entornos virtuais de aprendizaxe)						
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Potenciar o emprego das plataformas dixitais virtuais de aprendizaxe				Acada do	
<b>Responsable:</b>	Coordinador Plan Dixital de Centro				Non acada	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe de profesores que implementan 4 ou máis actividades nas plataformas Dixitais (interactivas ou diferentes)					
<b>Valor de partida:</b>	Descoñecido					
<b>Valor previsto e data:</b>	60% do profesorado implemente 3 tarefas nas plataformas Dixitais			30 de maio de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Formar ao novo profesorado e alumnado no manexo das plataformas Dixitais	Profesorado titor de Primaria e profesorado de ESO	30/09/23	Equipos de aula ou departamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Introducir 1 contido ou actividade na plataforma Dixital	Profesorado titor de Primaria e profesorado de ESO	31/10/23	Equipos de aula ou departamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Introducir 3 tarefas con feedback para alumnado	Profesorado de ESO	30/05/23	Equipos de aula ou departamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



Área/s de mellora: Pedagogía: Apoios e recursos (comunicación coa comunidade educativa)						
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Crear vídeos explicativos para o alumnado				Acada	
<b>Responsable:</b>	Coordinador Plan Dixital de Centro				Non	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de departamentos que crean polo menos 1 de vídeo explicativo para o alumnado para as plataformas dixitais					
<b>Valor de partida:</b>	0 departamentos con creación de vídeos					
<b>Valor previsto e data:</b>	5 departamentos crearon vídeo			30 de maio de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Coñecemento das principais ferramentas e aspectos necesarios para audiovisuais (cámara, software, iluminación, son, etc)	Profesorado de ESO e coordinador Plan Dixital	31/10/23	Equipos de aula ou departamento, material de audiovisuais do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Posta en práctica dos coñecementos adquiridos para realizar algún pequeno proxecto de proba..	de ESO e asesoramento coordinador Plan Dixital	31/01/23	Equipos de aula ou departamento, material de audiovisuais do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
vídeos explicativos con edición final e poñelos a disposición do alumnado nas paltadormas dixitais.	Profesorado de ESO	30/05/23	Equipos de aula ou departamento, material de audiovisuais do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

mellora: Pedagogía: Implementación na aula (fomento da creatividade e proxectos interdisciplinares)						
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Potenciar o emprego da Radio Escolar				Acada	
<b>Responsable:</b>	Coordinador Plan Dixital de Centro				Non	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de podcast creados e publicados					
<b>Valor de partida:</b>	117 podcast					
<b>Valor previsto e data:</b>	137 podcast			30 de maio de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
preparar e chequear a aula, equipamento e cadro horario de funcionamento.	Coordinador Plan Dixital	30/09/23	Equipamento radio Escolar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
manexo da radio escolar con tutorización (xornadas de aprendizaxe)	Coordinador Plan Dixital	31/01/23	Equipamento radio Escolar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Realización de podcast e posterior publicación	Todo o profesorado do centro e coordinador Plan Dixital	30/05/23	Equipamento radio Escolar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Avaliación do plan

- Avaliación procesual: datas previstas na táboa de cada obxectivo. Valorarase o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- Avaliación final: data previstas na táboa de cada obxectivo. Valorarase o logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

## Difusión do plan

O plan será exposto na páxina web do centro así como se fará chegar a cada docente do centro a través do correo electrónico.